

## REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DO TRANSPORTE ASISTENCIAL DO CONCELLO DE MEAÑO.-

### Exposición de motivos.-

O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Engadindo que o Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, na prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

Có ánimo de favorecer e facilitar a autonomía persoal das persoas con discapacidade e/ou dependentes e das persoas maiores, que lles permita a participación na vida social, cultural e a realización das funcións cotiás, o Concello de Meaño crea o Servizo de Transporte Asistencial.

### Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto do presente Regulamento é a regulamentación do funcionamento e organización do TRANSPORTE ASISTENCIAL, que terá o carácter de servizo público de carácter social para facilitar o desprazamento, dentro do Termo Municipal de Meaño, das persoas con discapacidade e/ou dependentes e das persoas maiores, que reunan os requisitos que recollen no presente regulamento.

### Artigo 2º.- Ámbito

O ámbito da prestación do servizo do Transporte Asistencial do Concello de Meaño desenvólvese no Termo Municipal de Meaño.

### Artigo 3º.- Usuarios.

1. Poderán ser usuarios/as deste servizo as persoas residentes no Termo Municipal de Meaño que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Teñan recoñecida a situación de dependencia que implique perda de mobilidade autónoma.
- b) Teñan recoñecido, conforme a normativa aplicable, un grao de minusvalidez que implique perda de mobilidade autónoma.
- c) As persoas maiores de 65 anos que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:
  - Que vivan soas.
  - Que vivan acompañadas doutra persoa maior.
  - Que vivan acompañadas doutras persoas que polas súas circunstancias laborais non poidan desprazalas para realizar tarefas da vida cotiá.



2. O recoñecemento da condición de usuario/a do Servizo de Transporte Asistencial efectuarase trala tramitación do procedemento correspondente que se especifica no artigo 6º.

#### Artigo 4º.-Obxectivo.

O establecemento deste servizo ten como obxectivo xeral o de favorecer a autonomía persoal, o de normalizar as condicións de vida que permitan a realización das funcións cotias e o de facilitar a integración social coa participación na vida social e cultural das persoas usuarias.

#### Artigo 5º.- Contido.

O Servizo de Transporte Asistencial do Concello de Meaño procurará cubrir as necesidades básicas de desprazamento dentro do Termino Municipal, e abrangue os seguintes desprazamentos:

- Acudir a consultas médicas.
- Acudir a centros ou equipamentos sociais do Concello.
- Asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar as persoas que poidan acadar a condición de usuario.
- Realizar as actividades básicas relacionadas coa vida diaria autónoma: xestións administrativas en entidades públicas ou en entidades privadas, compras, etc.

#### Artigo 6º.-Procedemento para o recoñecemento da condición de usuario/a.

1. O procedemento para recoñecer a condición de usuario/a do Servizo de Transporte Asistencial do Concello de Meaño, iníciase por solicitude do interesado ou do seu representante legal. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade do solicitante e do representante legal, se é o caso.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Certificado do recoñecemento do grado de minusvalidez e/ou da dependencia.
- Informe dos servizos sociais de referencia da persoa solicitante, si se considera necesario.

2. As solicitudes debidamente cumprimentadas presentarase, en calquer momento do ano, no rexistro do Concello ou ben por calquer outro dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.


3. As solicitudes presentadas serán examinadas polo departamento de Servizos Sociais do Concello, o cal, para determinar a preferencia no acceso ao servizo, aplicará o seguinte baremo:

- Por minusvalidez ou dependencia:
  - Ter recoñecido un grao de minusvalidez superior ao 65%: 3 puntos.
  - ter recoñecido un grao de minusvalidez inferior ao 65%: 2 puntos.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



b) Por razón de idade:

- Ter cumpridos os 75 anos: 2 puntos.
- Ter cumpridos os 65 anos: 1,5 puntos.

Nos casos de empate, a comisión de avaliación e seguimento concederá preferencia aos solicitantes de maior idade.

c) Situación familiar:

- Por vivir só: 3 puntos.
- Por vivir acompañado doutra persoa maior de 65 anos: 2 puntos.
- Por vivir con outros membros da unidade familiar: 1 punto.
- Situación familiar: ata 2 puntos a valorar en función do informe social.

4. Unha vez realizada a valoración das solicitudes, o departamento de Servizos Sociais elevará unha proposta a Xunta de Goberno Local que será o/a competente para resolver.

5. A Xunta de Goberno Local aprobará a relación de usuarios e lista de espera coa puntuación obtida.

6. Por razóns de urxencia e necesidade debidamente xustificadas e sempre que se puidera causar un grave prexuízo á persoa interesada, poderanse establecer formas de acceso provisional ao servizo das persoas que, reunindo os requisitos esixidos para teren a condición de usuario/a do servizo, non posúan, a condición de usuario, sempre que exista dispoñibilidade na prestación do servizo.

Artigo 7º.-Perda da condición de usuario/a.

1. A condición de usuario/a do Servizo de Transporte Asistencial do Concello de Meaño, con discapacidade e/ou dependentes, así como os beneficios inherentes a esta condición, perderanse por calquera das seguintes causas:

- a) Por deixar de cumprir os requisitos recollidos no artigo 5º, en virtude da resolución do órgano competente para o recoñecemento da condición, respectando o preceptivo trámite de audiencia.
- b) Por vontade do usuario/a, manifestada polo propio usuario/a ou por medio do seu representante legal.

2. Non obstante o establecido no número anterior, poderase solicitar un novo recoñecemento desta condición, segundo o procedemento establecido, de cumprirse de novo os requisitos recollidos no presente decreto.

Artigo 8º.-Financiamento do Servizo.

O Servizo de Transporte asistencial financiarase con recursos propios do Concello de Meaño, axudas e subvencións que poida acadar das distintas administracións públicas ou entidades privadas e da contraprestación económica que por cada desprazamento efectúen os usuarios. Esta contraprestación económica ten o carácter de taxa polo prestación de servizo público.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com



## Artigo 9º.-Prestación do servizo.

1. A realización efectiva da prestación do Servizo de Transporte Asistencial será efectuada directamente polo Concello, a través dos seus propios medios, ou ben indirectamente, a través das modalidades establecidas na lexislación de contratos das administracións públicas.
2. A prestación do servizo acomodarase, na medida do posible, á demanda de desprazamento do/a usuario/a, con independencia de que na determinación dos itinerarios se procure acadar a maior rendibilidade e dimensionamento dos medios empregados nos termos previstos no número 6 deste artigo.
3. Cando os/as usuarios/as precisen a realización dun desprazamento que esté cuberto polo Servizo de Transporte Asistencial, deberán contactar cunha antelación mínima de 24 horas có departamento ou persoa que se determine.
4. O departamento ou persoa que xestione o servizo analizará e priorizará as peticións do servizo recibidas, dando prioridade, en caso de dúbida, ás solicitudes presentadas con maior antelación.
5. A comunicación da prestación do servizo ou a imposibilidade de realizalo efectuarase coa debida antelación dacordo coa natureza do servizo demandado.
6. Dentro do posible, na organización do servizo e dacordo cos condicionamentos e características da zona procurarase o establecemento de rutas que posibiliten o traslado dun maior número de usuarios/as sen prexuízo de que prime sempre a seguranza, comodidade e rapidez nos traslados.

### *Disposición derradeira.*

O presente Regulamento, do que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o \_\_\_\_\_, entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Meaño, 11 de decembro de 2007

O Alcalde

*Jorge Domínguez Rosal*

Asdo. Jorge Domínguez Rosal